# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36011579 | IES A Guía | Vigo | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura II | 2º Bac. | 3 | 87 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 23 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 24 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 26 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 26 |
| 7.2. Actividades complementarias | 28 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 28 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 29 |
| 9. Outros apartados | 29 |

## 1. Introdución

A materia de Lingua e literatura de segundo de bacharelato atende a dous obxectivos, dun lado dar unha formación que atenda á creación de individuos competentes en lingua galega e cun coñecemento sobre a literatura galega que lles permita gozar da nosa literatura clásica e coñecer a literatura actual; por outro lado é fundamental que o curso sirva como preparación das probas de acceso a universidade ás que se terán que presentar o alumnado que desexe continuar estudos superiores. Este segundo obxectivo terase en conta especialmente no deseño da materia e nos criterios de cualificación, a fin de que a materia se adecúe dun lado ao establecido no currículo oficial, pero a práctica docente incida especificamente nos contidos do currículo que habitualmente se avalían nas probas de acceso á universidade.
A materia no currículo consta de catro bloques. O primeiro é "As linguas e os seus falantes", onde se tratan os aspectos sociolingüísticos, a diversidade lingüística e as variedades dialectais, o contacto entre linguas, os sociolectos e rexistros e os prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, "Comunicación", refírese á análise e produción de textos orais e escritos. O terceiro bloque, "Educación literaria" procura profundizar na destreza lectora do alumnado e na comprensión lectora profunda, buscando desenvolver a capacidade crítica no estudo dos textos literarios, así como o coñecemento da historia da nosa literatura dos séculos XX e XXI. O cuarto bloque, "Reflexión sobre a lingua", desenvolve os contidos referentes ao estudo da gramática, que abrangue a léxico-semántica, a sintaxe, a morfoloxía, e da pragmática (entendida como gramática do texto). Os catro bloques serán traballados en cada un dos trimestres, nas diferentes unidades.
En cada avaliación traballaranse lecturas obrigatorias relacionadas co currículo de literatura que se imparta nese período coa intención de dotar ao alumnado dun coñecemento máis profundo e sólido da nosa literatura clásica, nos dous primieros trimestres, e das novas tendencias e as obras máis recentes e máis próximas temporalmente á realidade do alumnado, no terceiro trimestre.
No primeiro trimestre prográmase a unidade didáctica de "Comunicación", que inclúe todos os contidos relacionados coa análise e produción de textos orais e escritos. Estes contidos serán avaliados, unha vez impartidos, en todas as probas trimestrais, pois fan referencia a destrezas básicas da materia: sínteses de textos, análise do tema, estrutura dos textos, definicións de palabras expresións, realización de esquemas, análise da intención comunicativa, etc.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 40 | 3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | | |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 40 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 50 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3 | | | 1-2-3-4 | 40 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 11 | | | 2-31-32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 50 | | | |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 31 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | COMUNICACIÓN | Tema, síntese, esquema, definicións, comentario crítico. Variedades diafásicas e diastráticas. Análise de textos.<br>Desviacións da norma.<br>Introdución á gramática do texto: recursos cohesivos, gramaticais e léxico-semánticos. | 10 | 6 | X | | |
| 2 | LITERATURA 1 | O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais.<br>Contexto histórico e situación sociolingüística.<br>A literatura no 1º terzo do século XX:<br>-A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras | 10 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | LITERATURA 1 | representativas.<br>-A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.<br>-A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).<br>-O teatro do primeiro terzo do XX: vangardas e Grupo Nós.<br>Lectura obrigatoria de dous libros (a escoller un como mínimo) deste período. | 10 | 12 | X | | |
| 3 | SOCIOLINGÜÍSTICA 1 | Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.<br>Semellanzas e diferenzas entre as linguas da Península. | 10 | 3 | X | | |
| 4 | GRAMÁTICA 1 | Semántica: o significado; campos semánticos; relacións semánticas; neoloxismos.<br>Ditongos e hiatos. Acento ortográfico e acento diacrítico.<br>Fonética e fonoloxía.<br>Substantivo e adxectivo. Artigo. O pronome.<br>Unidades, funcións e relacións sintácticas. A frase.<br>As funcións clausais na oración simple. | 10 | 12 | X | | |
| 5 | LITERATURA 2 | O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico. e situación sociolingüística.<br>A literatura de 1936 a 1975:<br>-A poesía: a Xeración do 36,a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais.<br>-A prosa: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).<br>-A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.<br>-O teatro: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.<br>-A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.<br>Lectura obrigatoria de dous libros (a escoller un como mínimo) deste período. | 10 | 10 | | X | |
| 6 | SOCIOLINGÜÍSTICA 2 | Variedades diafásicas e diastráticas.<br>Análise de textos.<br>Variedades dialectais. | 10 | 7 | | X | |
| 7 | GRAMÁTICA 2 | Demostrativos, posesivos, cuantificadores, relativos, exclamativos, interrogativos.<br>Adverbios, preposición e conxuncións.<br>O verbo : conxugación e estrutura morfolóxica do verbo regular e irregular.<br>Oracións coordinadas.<br>Cláusulas subordinadas substantivas. | 10 | 12 | | X | |
| 8 | LITERATURA 3 | O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e | 10 | 10 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 8 | LITERATURA 3 | situación sociolingüística.<br>A literatura a finais do XX e principios do XXI:<br>-A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.<br>-A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.<br>O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.<br>Lectura obrigatoria de dous libros (a escoller un como mínimo) deste período. | 10 | 10 | | | X |
| 9 | SOCIOLINGÜÍSTICA 3 | O galego: lingua en vías de normalización. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. | 10 | 3 | | | X |
| 10 | GRAMÁTICA 3 | Introdución á gramática do texto: recursos cohesivos gramaticais e léxico-semánticos.<br>Valores dos tempos verbais.<br>Formas nominais. Participio dobre. Infinitivo conxugado.<br>Perífrases verbais.<br>Estrutura e formación das palabras.<br>A cláusula subordinada adxectiva.<br>A cláusula subordinada adverbial.<br>As oracións bipolares. | 10 | 12 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | COMUNICACIÓN | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos. | Comprensión do tema. Identificación da estrutura dun texto. Realización de esquemas coas ideas principais e secundarias dun texto. Definición de palabras e expresións dun texto. | TI | 100 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identificar a tipoloxía textual e os elementos característicos. Identificar o nivel e rexistro dun texto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais. | Realización de exposicións orais sobre algún autor ou autora do currículo de literatura. | | |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participación nas actividades de aula mantendo unha actitude adecuada, respectando a lingua e utilizando o galego nas interaccións orais. | | |
| CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta. | Elaboración de textos expositivos e argumentativos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado nas probas escritas. | | |
| CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Corrección gramatical, léxica e ortográfica nos textos entregados para avaliar. | | |
| CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura. | Identificar a intención do emisor en textos argumentativos e literarios. | | |
| CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Ser capaz de comentar textos de determinadas épocas ou que amosan determinados prexuízos dunha maneira razoada apoiada en argumentos teóricos vistos na materia. | | |
| CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elaboración voluntaria para subir nota de pequenos proxectos de investigación sobre temas relacionados co currículo. | | |
| CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información. | Identificación de información veraz á hora de complementar a información dos temas tratados na aula. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.<br>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.<br>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.<br>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da informa-ción relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto.<br>- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto.<br>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabi-lidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-pios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | LITERATURA 1 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa en interacción orais e no traballo en equipo. | PE | 95 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios e identificar os procedementos lingüísticos empregados para a linguaxe literaria. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler mínimo unha obra das propostas para este período literario. | | |
| CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Ser capaz de contestar preguntas sobre o libro obrigatorio que amosen unha reflexión sobre a lectura e unha adecuada comprensión da totalidade do texto proposto. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Analizar, contextualizar e comparar textos literarios correspondentes ao período de 1916 a 1936, atendendo ao seu contexto histórico, á tradición literaria e as características da autoría, utilizando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Non hai mínimo. | | |
| CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Evitar os usos discriminatorios da lingua. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Realizar unha exposición oral voluntaria sobre algún autor ou autora do currículo ou profundizar nalgunha das obras significativas do período estudado. | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | SOCIOLINGÜÍSTICA 1 | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística. | Comentar textos, imaxes, viñetas nos que se amosen prexuízos e estereotipos cunha metalinguaxe específica. | PE | 100 |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar os usos discriminatorios en textos, imaxes viñetas e na propia práctica oral da lingua, e analizalos cunha metalinguaxe específica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. |
| - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. |
| - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | GRAMÁTICA 1 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta. | Elaborar textos expositivos e argumentativos coherentes, cohesionados e correctos gramatical e ortograficamente de 200 a 250 palabras. | PE | 100 |
| CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Utilizar un léxico formal e técnico adecuado á expresión escrita formal. | | |
| CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información. | Comentar criticamente textos avaliando a veracidade da información. Utilizar argumentos lóxicos e contrastados na produción de textos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Utilizar un léxico formal e técnico adecuado á expresión escrita formal. | | |
| CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Dominar a linguaxe técnica da gramática: clases de palabras, funcións sintácticas, definición de fonemas, relacións semánticas. | | |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Identificar a intención comunicativa dun texto. | | |
| CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Non hai mínimo de consecución. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto.<br>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.<br>- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. |

| Contidos |
|---|
| - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | LITERATURA 2 | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa en interacción orais e no traballo en equipo. | PE | 95 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios e identificar os procedementos lingüísticos empregados para a linguaxe literaria. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler mínimo unha obra das propostas para este período literario. | | |
| CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Ser capaz de contestar preguntas sobre o libro obrigatorio que amosen unha reflexión sobre a lectura e unha adecuada comprensión da totalidade do texto proposto. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Analizar, contextualizar e comparar textos literarios correspondentes ao período de 1936 a 1978, atendendo ao seu contexto histórico, á tradición literaria e as características da autoría, utilizando unha metalinguaxe específica. | | |
| CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Non hai mínimo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar os usos discriminatorios. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Realizar unha exposición oral voluntaria sobre algún autor ou autora do currículo ou profundizar nalgunha das obras significativas do período estudado. | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. |

| Contidos |
|---|
| - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | SOCIOLINGÜÍSTICA 2 | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros. | Recoñecer as características principais dos bloques do galego. Atribuír fenómenos dialectais ao bloque correspondente.<br>Recoñecer textos des diferentes linguas. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego.<br>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | GRAMÁTICA 2 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta. | Elaborar textos expositivos e argumentativos coherentes, cohesionados e correctos gramatical e ortograficamente de 200 a 250 palabras. | PE | 100 |
| CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Utilizar un léxico formal e técnico adecuado á expresión escrita formal. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información. | Comentar criticamente textos avaliando a veracidade da información. Utilizar argumentos lóxicos e contrastados na produción de textos. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Utilizar un léxico formal e técnico adecuado á expresión escrita formal. | | |
| CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Dominar a linguaxe técnica da gramática (clases de palabras, funcións sintácticas, definición de fonemas, relacións semánticas) dos contidos impartidos nesta unidade. | | |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Identificar a intención comunicativa dun texto. | | |
| CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Non hai mínimo. É voluntario. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto.<br>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.<br>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.<br>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |

| Contidos |
|---|
| - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.<br>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).<br>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.<br>- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.<br>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | LITERATURA 3 | 10 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística. | Participar de maneira activa en interacción orais e no traballo en equipo. | PE | 95 |
| CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados. | Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios e identificar os procedementos lingüísticos empregados para a linguaxe literaria. | | |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Ler mínimo unha obra das propostas para este período literario. | | |
| CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | Ser capaz de contestar preguntas sobre o libro obrigatorio que amosen unha reflexión sobre a lectura e unha adecuada comprensión da totalidade do texto proposto. | | |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Analizar, contextualizar e comparar textos literarios correspondentes ao período actual, desde 1978 a hoxe en día, atendendo ao seu contexto histórico, á tradición literaria e as características da autoría, utilizando unha metalinguaxe específica. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Non hai mínimo. | | |
| CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificar os usos discriminatorios. | | |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Realizar unha exposición oral voluntaria sobre algún autor ou autora do currículo ou profundizar nalgunha das obras significativas do período estudado. | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.<br>- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.<br>- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.<br>- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.<br>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.<br>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.<br>- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.<br>- Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias.<br>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.<br>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.<br>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na |

| Contidos |
|---|
| - tradición literaria.<br>- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.<br>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.<br>- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | SOCIOLINGÜÍSTICA 3 | 3 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Identificación de prexuízos lingüísticos do galego, causas e argumentación para desterralos. | PE | 90 |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social. | Resolución dialogada de conflitos. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.<br>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega.<br>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 10 | GRAMÁTICA 3 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta. | Elaborar textos expositivos e argumentativos coherentes, cohesionados e correctos gramatical e ortograficamente de 200 a 250 palabras. | PE | 100 |
| CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Utilizar un léxico formal e técnico adecuado á expresión escrita formal. | | |
| CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información. | Comentar criticamente textos avaliando a veracidade da información. Utilizar argumentos lóxicos e contrastados na produción de textos. | | |
| CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Utilizar un léxico formal e técnico adecuado á expresión escrita formal. | | |
| CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Dominar a linguaxe técnica da gramática (clases de palabras, funcións sintácticas, definición de fonemas, relacións semánticas) dos contidos impartidos nesta unidade. | | |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Identificar a intención comunicativa dun texto. | | |
| CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital. | Identificar a intención comunicativa dun texto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.<br>- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. |

| Contidos |
|---|
| - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. |
| - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |
| - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. |
| - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). |
| - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. |
| - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. |
| - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación. Igualmente, debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas. Tamén é fundamental integrar diversos soportes e fontes na práctica docente, utilizando medios audiovisuais, informáticos, aula virtual e actividades extraescolares que contribúan á un proceso de aprendizaxe integrador e no que a capacidade do alumnado no manexo de diversas fontes na busca, selección e análise da información sexa posto de relevo. Por outra parte favorecerase o coñecemento e goce da literatura fóra das obras programadas no currículo, e polo que se entenderá o uso e a consulta da biblioteca escolar e dos fondos do departamento como elemento que se valorará positivamente na práctica do alumnado.
Na materia, dentro dos contidos específicos dos bloques de "As linguas e os seus falantes", "Comunicación", "Educación literaria" e "Reflexión sobre a lingua", traballaranse as catro destrezas básicas (ler, comprender, escribir e falar) dun xeito integrado, se ben se fará fincapé na comprensión e expresión escrita, aspecto no que se veñen detectando deficiencias significativas na práctica do alumnado. Ademais, debido a que o alumnado que acode ao noso centro é, cada vez en maior número, completamente castelanfalante, faise necesaria unha atención específica e continua á correcta pronuncia do galego, a fluidez oral e ao uso dun galego libre de interferencias.
Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, propóñense as seguintes concrecións metodolóxicas:

- Establecer dinámicas desde o principio de curso que favorezan a familiarización co uso da aula virtual, fomentando a aprendizaxe autónoma, a comunicación por mensaxería e o uso dos foros para a consulta de dúbidas.
- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentantivos. Nos textos integraranse os contidos transversais, e contidos que axuden a acadar as competencias básicas.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada

desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Profundizar na lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Crear dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica e respectuosa.
- Ter como referencia as probas que se realizarán á fin da etapa do bacharelato (sexan as PAAU ou a reválida) para orientar o traballo de aula e a avaliación da materia cara ao cumprimento dos obxectivos establecidos para as mesmas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual do IES A Guía |
| Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego |
| Dicionario da RAG |
| Dicionario de pronuncia galega |
| O galego.eu |
| Blog Colección de poesía galega |
| Biblioteca virtual galega |
| Xornais online (Nós diario, Praza pública, e versións en galego de Faro de Vigo e A voz de Galicia) |
| Recursos fornecidos pola biblioteca do centro. |

Todos os recursos cos que se traballa neste curso estarán dispoñibles de xeito virtual a través de enlaces na aula virtual da materia. Este material poderá complementarse puntualmente con recursos impresos (exercicios, antoloxías de textos) e cos materiais fornecidos pola biblioteca do centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En segundo de bacharelato non se fará unha proba específica de avaliación inicial para o alumnado. A avaliación inicial terá como obxecto identificar o nivel de aprendizaxe do alumnado especialmente no que se refire á comprensión escrita e expresión escrita, así como no dominio dos conceptos básicos de morfoloxía (clases de palabras), sintaxe (estrutura da cláusula), e léxico-semántica, a fin de coñecer o punto de partida para o deseño das actividades de aula adaptadas ao alumnado presente nelas. Esta avaliación permitirá coñecer o nivel académico do alumnado así como alumnado con necesidades específicas para o que se contará co apoio do departamento de Orientación. A tal fin, traballaranse textos durante a primeira semana obtidos dos exames de ABAU: partirase dun texto sobre o que se farán preguntas de comprensión (resumo, esquema, definición de palabras), identificación de clases de palabras, redacción dun texto onde se comenten as ideas expostas no texto e contidos gramaticais básicos vistos en 1º de bacharelato.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** | **10** |
| **Proba escrita** | 0 | 95 | 100 | 100 | 95 | 100 | 100 | 95 | 90 | 100 |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 5 | 0 | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 | 10 | 0 |

| Unidade didáctica | Total |
|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **100** |
| **Proba escrita** | **88** |
| **Táboa de indicadores** | **12** |

**Criterios de cualificación:**

O curso organízase en tres avaliacións e en cada unha delas haberá 2 probas de contidos e unha de comprobación de lectura.
As cualificacións de cada avaliación corresponderanse co 20% da primeira proba, o 70 % da segunda proba e o 10 % pola lectura obrigatoria.
Descrición das probas
· 1ª proba de cada avaliación (20% da nota da avaliación): constará de dúas preguntas obrigatorias, unha referida aos temas do bloque de Lingua e sociedade, e outra referida ao bloque de Historia da literatura. En cada unha delas haberá un texto que terá que situarse no seu contexto e comentarse de acordo cos coñecementos literarios e sociolingüísticos adquiridos ata ese momento durante o curso. Correspóndense coas preguntas 4 e 5 do exame da ABAU.
· Proba de comprobación de lectura: (10% da nota da avaliación) cada trimestre ofreceranse dous títulos dos que cada estudante deberá escoller un. A valoración da comprobación de lectura terá en conta tanto a comprensión lectora da lectura proposta como a calidade da lingua utilizada na proba: 0,5 se o libro está lido e comprendido, ao que se engadirá unha escala de 0,1 a 0,5 pola expresión escrita (0,1 moi mellorable; 0,2 mellorable; 0,3 aceptable; 0,4 ben; 0,5 moi ben).
· 2ª proba de cada avaliación (70% da nota da avaliación): farase a semellanza da estrutura dos exames de selectividade e constará das seguintes preguntas (podería sufrir modificacións en función das instrucións da CIUG). O exame constará de 5 preguntas das cales só se poderán responder un máximo de 4. (Na ABAU son 6 preguntas das cales se responderá a 4)
1. Comunicación escrita: 5 puntos
1.1. PREGUNTA 1. Comprensión do texto (2,5 puntos, 3 preguntas).
1.1.1. Resumo/ esquema/ ideas principais e secundarias. (1 punto)
1.1.2. Definición de palabras ou explicación de expresións tiradas do texto/ recoñecemento de elementos cohesivos. (1 punto)
1.1.3. Intención comunicativa, tema, título, etc. (0,5 puntos)
1.2. PREGUNTA 2. Produción textual. (2,5 puntos)

1.2.1. Redacte un texto no que exprese a súa opinión sobre... / Redacte un texto expositivo que dea información sobre... (Extensión aproximada 250 palabras).

2. Funcionamento da lingua: 2,5 puntos

2.1. PREGUNTA 3. Tres apartados con preguntas de gramática: sintaxe, morfoloxía, semántica, fonética e fonoloxía ou dialectoloxía. Serán dúas preguntas de 1 punto e unha de 0,5.

3. Lingua e sociedade: (2,5 puntos)

3.1. PREGUNTA 4: unha pregunta de aplicación práctica dos conceptos teóricos aprendidos neste bloque á unha viñeta, un texto breve, unha gráfica, etc. (extensión aproximada 250 palabras).

4. Educación literaria: (2,5 puntos)

4.1. PREGUNTA 5: partindo dun texto literario (narrativo, poético ou teatral) analizar algunhas características representativas do seu autor ou autora. Dar información teórica sobre ese período (contextualización, outros autores e autoras da época e algunhas das súas obras). (Extensión aproximada 250 palabras)

Os criterios de cualificación da proba serán igualmente os establecidos pola CIUG no que se refire á extensión das preguntas teóricas e de produción textual, así como os referidos á valoración das preguntas (pódense consultar na páxina web da CIUG) ou na aula virtual desta materia.

Do mesmo xeito, e ao igual que na ABAU, valorarase a corrección lingüística, polo que os erros poderán descontar até un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global: -0,2 por faltas moi graves (tempos compostos, castelanismos, erros de colocación do pronome) , -0,1 por faltas graves e -0,05 por faltas leves (acentuación non diacrítica e puntuación).

Os contidos referentes a lingua e sociedade, gramática e competencia comunicativa serán avaliables unha vez impartidos, en calquera outra proba posterior, dado que se trata de demostrar o dominio da lingua e o comentario de textos desde un punto de vista global e histórico.

Nota da avaliación:

- O 20% da nota da avaliación corresponderase coa primeira proba.
- O 70% da nota da avaliación corresponderase coa nota obtida na segunda proba.
- O 10 % da nota de avaliación corresponderá nota obtida na proba de comprobación de lectura.
- Cada falta de asistencia inxustificada e cada penalización por falta de traballo descontarán -0,1 da nota final da avaliación.
- Considerarase aprobada cada avaliación cando da aplicación das porcentaxes resulte unha nota igual ou superior a 5. No caso de decimais redondearase ao máis próximo.

A final de curso a materia considérase aprobada cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 (en caso de decimais, redondearase ao enteiro máis próximo). Para a elaboración da media terase en conta a nota real obtida como resultado da aplicación das porcentaxes en cada avaliación, ata con dous decimais, non a nota que figura no XADE e no boletín, onde se aplica o redondeo.

De constatarse unha fraude nalgunha proba (copiar ou intentalo, facer pasar por propio un traballo alleo, etc), a cualificación outorgada entón será de cero, garantíndose sempre a presunción de inocencia.

Cando o/a estudante non se presente a unha proba, contará como 0 a efectos de media, a menos que presente un xustificante médico que non deixe dúbidas sobre a imposibilidade de acudir ao exame. Para a repetición da proba, no caso de demostrar documentalmente a imposibilidade de presentarse, deberá ser o ou a estudante quen propoña unha data alternativa para a súa realización, e no caso de ser unha ausencia prevista, deberá notificarse con anterioridade á realización da proba.

**Criterios de recuperación:**

Non haberá recuperacións, dado que se avalía globalmente a materia, as cualificacións parciais contribuirán á media final, polo que para recuperar unha avaliación basta con obter unha nota nos outros trimestres que permita acadar unha media final igual ou superior a 5.

A final de curso, no caso de que o estudante non acade un 5 de media das tres avaliacións (baseada nas notas reais obtidas, con ata dous decimais, sen aplicar redondeo), poderá presentarse a unha proba final de avaliación dos contidos de todo o curso e que valerá o 100% da nota. A proba final é única e nela avaliaranse o total dos contidos do curso. A cualificación mínima para aprobar será un 5.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Cando se considere necesario por recomendación do Departamento de Orientación, faranse as adaptacións necesarias en metodoloxías e tempos para aquel alumnado que polas súas discapacidades así o precisen. Estas adaptacións poden consistir en:
-Adaptar os tempos para as probas.
-Adaptar a aparencia das probas para facilitar a comprensión dos exercicios e fixar a atención nos aspectos fundamentais do texto das preguntas.
-Situación na aula do alumnado con necesidades educativas especiais en postos que faciliten e favorezan a atención e a comunicación coa profesora.
-Modificar as lecturas obrigatorias, especialmente para o alumnado que fose exento ata o ano anterior, de xeito que sexan adaptadas a un nivel de iniciación de lingua.
Plan específico para o alumnado repetidor
Alumnado repetidor que non superou a materia: seguirá a programación xeral, e reforzaranse os aspectos que non posibilitaron a superación da materia no curso anterior. Realizarán actividades de reforzo de diferente nivel de dificultade, actividades para afianzar os coñecementos e competencias adquiridos. Nos contidos xa adquiridos, realizaranse actividades de ampliación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A igualdade de xénero. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz e a democracia. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - O respecto polo Estado de dereito e o pluralismo político | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - O rexeitamento de calquera tipo de violencia | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - O respecto polos dereitos humanos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - A competencia dixital. | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.11 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - A educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|
| ET.1 - A igualdade de xénero. | X | X |
| ET.2 - Os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas | X | X |
| ET.3 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero | X | X |
| ET.4 - Visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual | X | X |
| ET.5 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz e a democracia. | X | X |
| ET.6 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social | X | X |
| ET.7 - O respecto polo Estado de dereito e o pluralismo político | X | X |
| ET.8 - O rexeitamento de calquera tipo de violencia | X | X |
| ET.9 - O respecto polos dereitos humanos | X | X |
| ET.10 - A competencia dixital. | X | X |
| ET.11 - O fomento do espírito crítico e científico. | X | X |
| ET.12 - A educación emocional e en valores | X | X |

**Observacións:**

Os temas transversais estarán presentes na aula no traballo con textos (especialmente con textos argumentativos de opinión, tirados dos xornais galegos), e na práctica da oralidade, con propostas de argumentacións baseadas nos temas transversais expostos arriba.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Teatro, conferencias. | Dependendo da oferta das entidades públicas e privadas e sempre que se considere especialmente adecuada para a formación do alumnado de 2º de bacharelato. | X | X | X |

**Observacións:**

Dada a dificultade do curso, o feito de que o período de avaliacións remata en maio o que significa que o número de clases é moi reducido para os contidos a impartir, e que é necesario que o alumnado asista a actividades de orientación profesional e educativa a fin de escoller o itinerario vital para o seguinte ano, en principio non se programan actividades complementarias e extraescolares. Só se realizarán no caso de que a oferta de actividades proporcionadas por entidades públicas ou privadas se considere de especial interese para a formación do alumnado, en concreto para a preparación do exame de ABAU.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Número de aprobados e suspensos. |
| Comparación global cos resultados das demais áreas afíns (áreas de lingua e sociais). |
| Grao de cumprimento da programación. |
| A valoración sobre a adecuación das puntuacións outorgadas a cada apartado das probas e das porcentaxes aplicadas nos criterios de cualificación. |
| Metodoloxía empregada |
| Necesidade de incidir nalgún tema transversal específico, en función da realidade contemporánea. |
| A adecuación das actividades planificadas para traballar a expresión escrita, a expresión oral, o funcionamento da lingua e as explicacións teóricas. |
| A duración das actividades programadas para traballar a expresión escrita, a expresión oral, o funcionamento da lingua e as explicacións teóricas. |
| A dificultade das actividades de expresión oral, expresión escrita, funcionamento da lingua e explicacións teóricas. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| O coñecemento do alumnado dos criterios de cualificación desde principio de curso. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Aplicación de medidas de atención á diversidade (farase un seguimento do cumprimento das ACI se as houber). |

**Descrición:**

Como método para avaliar a propia programación e facer propostas de mellora para o curso próximo poderanse utilizar unha serie de indicadores de logro sobre o proceso de ensino-aprendizaxe nunha serie de cuestionarios realizados polo alumnado e pola propia profesora e dos que se deducirán os cambios a realizar para o futuro para a mellora do proceso. O cuestionario basearase nos indicadores de logro apuntados arriba, que fan referencia, dun lado, aos resultados da avaliación da materia no curso e seguimento da programación, e doutro, á análise da adecuación dos materiais e recursos didácticos empregados, da temporalización dos contidos, da metodoloxía empregada e dos criterios de avaliación e revisión dos indicadores de aprendizaxe.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao final de cada avaliación farase o seguimento da programación, observando, en función dos resultados obtidos, o avance da programación, e o reforzo dos aspectos que se consideren necesarios. A final de curso farase unha reunión extraordinaria de departamento de valoración da programación a fin de mellorar o deseño da mesma para o ano seguinte. Teranse en conta os indicadores de logro formulados no apartado anterior desta programación.

## 9. Outros apartados